

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de novembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de obras ordinarias para a execución da parte da vía de nova apertura lateral por cesión de terreo nunha parcela incluíndo o encontro coa av. Benigno Rivera.

2. FOMENTO.- Acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do Convenio marco de colaboración educativa entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia e o Concello de Lugo para prácticas académicas externas curriculares en ensinanzas oficiais de grao e máster universitario.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da subministración mediante lotes de gravas e gravas miúdas para tratamentos superficiais en camiños rurais (lote 1) e de grixo compacto (lote 2), exp. ref. 2024/C004/000018.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación da prestación do servizo de mantemento integral de ascensores (lote 1) e portas automáticas ou motorizadas (lote 2) de titularidade municipal e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C003-000032.

Tamén se acorda a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de material de oficina non inventariable e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C004-000025.

4. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de técnico/a medio xestión incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021 polo sistema de concurso-oposición.

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de oficial sepultureiro/a incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021 polo sistema de concurso-oposición.

Do mesmo xeito, acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de celador/a ceip reservada a discapacidade incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021 polo sistema de concurso-oposición.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

5. CULTURA.- Acórdase aprobar o informe proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua sobre a aprobación do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da cultura. Exercicio 2024.

Fóra da orde do día

- Proposta da Vicesecretaria en relación ao informe de omisión interventora da Intervención Municipal número 2024/K004/000055.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.